Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 26 de novembro de 2024

(Impulso: 5 PNC)

[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **26 de novembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González (P)
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas (P)
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias (BNG)
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):

Propoñente:
Ramón Tomás Fernández Alfonzo (BNG)

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión:

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 412 (12/PNC-000003)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que este teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024

A presidenta, previamente, comunica que a esta Proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 14955) e deseguido, concédelle a palabra ao señor Fidalgo Iglesias (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa que insta o Goberno galego sobre a demanda a realizar o Goberno do estado para que teña en conta as alegacións da Secretaría Xeral de Pesca a respecto dos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o señor López Font (S), quen motiva a emenda de adición presentada polo seu Grupo, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada co apoio do seu Grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante a señora Pérez Fernández (BNG), expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e xustifica o posicionamento do seu grupo a prol do texto resolutivo proposto.

Na rolda de puntualizacións o señor Fidalgo Iglesias (P), logo de comentar as argumentacións das anteriores intervencións e facer algunha matización ao respecto, agradece o apoio amosado e acepta a emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión o deputado do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, Ramón Tomás Fernández Alfonzo).

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 6087 (12/PNC-000736)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que realice os cambios lexislativos precisos para recoñecer as confrarías de pescadores de Galicia como organizacións de produtores pesqueiros e de que exerza a súa defensa ante a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A presidenta concédelle a palabra á señora Hermelo Piñeiro (P), quen procede á formulación e defensa desta Proposición non de lei que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do estado a que realice os cambios lexislativos precisos para recoñecer as confrarías de pescadores de Galicia como organizacións de produtores pesqueiros e defensa ante a Unión Europea.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentarios para expresar o seu posicionamento fan uso da palabra: o señor López Font (S) e a señora Pérez Fernández (BNG); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto, co pronunciamento favorable dos seus respectivos grupos ao texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións a señora Hermelo Piñeiro (P) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e agradécelles o apoio amosado.

A continuación, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 9957 (12/PNC-000943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de rexeneración na praia da Concha, en Espasante (Ortigueira), co obxectivo de devolverlle o seu perfil orixinal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A presidenta, previamente, comunica que a esta Proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. 14955, e deseguido, concédelle a palabra ao señor Fernández Alfonzo (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta á Xunta de Galicia a que elabore un plan de rexeneración na praia da Concha (Ortigueira).

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o señor Fernández Rosende (P), quen defende a emenda de substitución presentada polo seu grupo e salienta, se é o caso, non se aceptase polo grupo propoñente, motiva o rexeitamento da proposta formulada.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o señor Albalde Alonso (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións o señor Fernández Alfonzo (BNG) expón diversas consideracións sobre as argumentacións do voceiro do grupo maioritario e motiva o rexeitamento da súa emenda de substitución.

A seguir, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

1.4 11815 (12/PNC-001125)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas axudas aos profesionais do mar afectados pola crise derivada da baixa produtividade dos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A presidenta concédelle a palabra ao señor Abalde Alonso (S), quen procede á formulación e defensa desta Proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe adoptar para a protección do sector marisqueiro.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra: a señora Pérez Fernández (BNG) e o señor Santamaría González (P); ambos intervenientes, logo de deixar constancia das súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos ao texto resolutivo da precitada iniciativa.

Na rolda de puntualizacións o señor Abalde Alonso (S) expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións e agradece o apoio amosado dos demais grupos parlamentarios.

Finalmente, pásase ao debate da quinta iniciativa:

1.5 14292 (12/PNC-001398)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as accións que debe desenvolver o Goberno galego para evitar que un novo recorte en 2025 dos totais admisibles de capturas (TAC) e das cotas pesqueiras prexudique a frota galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

A presidenta, logo de comunicar que a esta Proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. 14957, concédelle a palabra á señor Pérez Fernández (BNG), quen, logo de matizar algunhas das

afirmacións expostas polo voceiro do G.P. Popular de Galicia no posicionamento da anterior iniciativa, procede á defensa da súa iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o señor López Font (S), para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo co pronunciamento favorable á proposta formulada.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante intervén a señora Mouzo Mas (P), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva o voto favorable do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a señora Pérez Fernández (BNG), agradece o apoio amosado dos demais grupos parlamentarios e acepta a emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate das iniciativas a presidenta dá paso ao trámite das votacións pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa **doc. 412 (12/PNC-000003), do G.P. Popular de Galicia,** coa incorporación da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 14956)**;** sométese a votación e resulta **aprobada** con modificacións respecto do texto orixinal, **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia:

1. Insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca sobre os recortes para as pesquerías do abadexo e da raia.

2. Insta o Goberno galego a que dea conta, no Parlamento de Galicia, das alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca sobre as pesquerías do abadexo e a raia.»

2) Iniciativa **doc. 6087 (12/PNC-000736), do G.P. Popular de Galicia;** sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

PARLAMENTO DE GALICIA

1º. Que impulse os cambios lexislativos necesarios para recoñecer as confrarías de pescadores como organizacións de produtores pesqueiros e, deste xeito, acabar coas diferenzas entre elas no acceso a fondos públicos.

2º. Defender diante das institucións europeas o papel das confrarías de pescadores para que sexan recoñecidas polo seu papel imprescindible na Política Pesqueira Común (PPC) e na Organización Común de Mercados (OCM).»

3) Iniciativa **doc. 9957 (12/PNC-000943), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 7 (GGPP S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións 0

4) Iniciativa **doc. 11815 (12/PNC-001125), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha de modo inmediato as medidas do Plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 no relativo as axudas estables para os traballadores do mar afectados polos períodos de paralización de actividade como consecuencias da baixa produtividade dos bancos marisqueiros.

2. Aplicar criterios realistas, negociados co sector, así como unha xestións burocrática áxil para acceder á solicitude e concesión de axuda.»

5) Iniciativa **doc. 14292 (12/PNC-001398), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**, coa incorporación da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. 14957; sométese a votación e resulta **aprobada** con modificacións respecto do texto orixinal, **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

PARLAMENTO DE GALICIA

1. Reclamar do Goberno do Estado que, diante do Consello de Ministros de Pesca da UE do vindeiro mes de decembro:

— Faga valer o ditado pola sentenza do 11 de xaneiro deste ano do Tribunal de Xustiza da UE, que recoñece nidiamente a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies porque o contrario podería contribuír á paralización da frota.

— Vete calquera redución de cotas que non vaia na liña da sentenza do TXUE mencionada ou que sigan afectando a viabilidade da frota pesqueira galega, nomeadamente á de baixura.

— Que avance nas medidas de cobertura económica da frota que se vexa afectada pola posible redución de cotas e que resolva e pague as eventuais axudas por paros biolóxicos nun prazo no superior a tres meses desde a súa convocatoria.

— Que, tendo en conta os antecedentes, inste a UE a tomar medidas para impedir a entrada no mercado europeo da xarda procedente dos países que se asignan cotas desa especie unilateralmente.

— Que leve a cabo unha xestión interna das cotas que correspondan en cada caso que impida a distorsión que se dá na actualidade entre as distintas zonas do Estado e que non sexa causa da especulación das posibilidades de pesca e da discriminación que se vén producindo ata o de agora.

2. Elaborar, en previsión de novos paros para 2025 por escaseza de cotas, o seu propio plan de axudas económicas para a frota galega prexudicada polas posibles decisións do Consello de decembro, como complemento ás que puider poñer en marcha o Goberno do Estado.

3. Achegar ao Goberno español, de cara ás negociacións das posibilidades de pesca para 2025 na UE, os estudos científicos e socioeconómicos dos que dispoña e que poidan contribuír a determinar a situación real dos stocks para un establecemento acorde dos TAC en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo.

4. Instar o Goberno do Estado e a Unión Europea a iniciar o procedemento que leve a unha profunda reforma da PPC que evite que continúe a desaparición da frota galega.

5. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dar conta, no Parlamento de Galicia, das recomendacións que traslada ao Goberno do Estado antes da celebración do Consello de Ministros de Pesca da UE do vindeiro mes de decembro, en defensa da frota de Galicia.»

PARLAMENTO DE GALICIA

Sen mais asuntos que tratar, a Presidencia agradécelles a todos os presentes a súa colaboración cos traballos da Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Patricia García González

V.º e pr.

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.01.30 12:57:08 +01'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.01.30 12:37:24 +01'00'